

Opinións recollidas no blog da Biblioteca do IES Sánchez Cantón no curso 2007-2008

1. *Sempre en Galiza* é un libro de carácter histórico-ideolóxico, no que o seu autor, Castelao, reflicte as circunstancias que o fixeron abandonar Galiza, e a morriña que sente por telo feito. É un libro que hai que ler con moita atención, xa que non é o típico libro cunha historia fácil de seguir. En ocasións é fácil perderse e para entendela hai que ter un certo coñecemento da época e dos autores que nomea repetidas veces. No libro (soamente o adro e a primeira parte) establece a súa defensa tanto do galego como da sociedade, da agricultura da pesca... Reivindica a autonomía de Galiza e da descentralización de Madrid. Todo isto faíno sempre fundamentándose na historia de Galiza, o que fai ver a súa ampla e diversa cultura, capaz de tratar calquera tema sen arredarse dos seus propósitos. O seu non é un nacionalismo radical, xa que está sempre fundamentado. Persoalmente o único que me custou é ter que lelo de vagar para entendela, e o galego un tanto antigo pero que non impide a absoluta comprensión do texto. Polo demais gustoume o libro como galego e como estudante, xa que nos reivindica dentro de Hespaña (como o escribiría Castelao) e porque ademais axuda a comprender mellor o noso pasado. É un libro que lle recomendaría a calquera, xa que o que hai que ler son só 160 páxinas, pero recomendaríao coma libro voluntario debido á que en ocasións, como xa dixen antes, é un pouco complexo. A min gustoume, espero que a vós tamén. **(Joaquín)**

2. O primeiro libro de "Sempre en Galiza" demostra que Galiza é unha nación xa que ten os trazos desta: Territorio, fala, historia e economía propia (definición de Stalin que Castelao adapta á nosa terra). A partires da demostración, expón as dificultades que opuxo o goberno da República cara ao estatuto, o caciquismo galego, un código de Dereito e remata o primeiro libro cun eloxio ao *albre*, á vaca e ao peixe. Castelao afirma que Galiza é unha nación, ao igual que Euskadi e Catalunya, pero que estamos a sufrir a centralización de Madrid. Castelao é partidario dunha República Federal na que convivan as diferentes nacións da "Hespaña". Segundo el, así evitaríamos as nefastas reformas da Lei Agraria ou o pago duns impostos destinados a Madrid, dos cales Galiza en proporción de habitantes non consegue nin a cuarta parte do que lle merecería. En definitiva, se Hespaña fora unha federación de nacións melloraría a nosa economía e o máis importante, teríamos a liberdade que perdemos coa "colonización" de Castela, (recórdese que no 1833 desapareceu o Reino de Galiza debido á fragmentación en provincias imposta pola rexencia de María Cristina). O inconveniente a este libro é que os argumentos nos que se apoia Castelao, non son en totalidade os que nos poderíamos apoiar hoxe en día, debido que a agricultura e pesca, por exemplo, xa non é a única forma de economía da Galiza, ou que hoxe temos xa unha autonomía. Así mesmo, pódese reivindicar igualmente o poder auto-xestionarse, recuperar o uso do galego fronte ao castelán imposto tremendamente nun período de ditadura ou que os beneficios que produce Galiza vaian a Madrid e os "desfeitos" sexan o único que recibimos. Segundo a definición de Stalin seguimos a ser unha nación, temos fala, territorio histórico, economía e unha historia que non coincide coa de España. O que máis pode chamar a atención do libro é a facilidade que ten Castelao de asegurar que as súas ideas son aplicábeis a todos os grupos antifeixistas (galeguistas, comunistas, anarquistas e republicanos). Ou tamén, a capacidade do autor de narrar a historia literaria da Galiza nunhas poucas páxinas de forma precisa. Así mesmo, a defensa dunha España federal, na que convivan as catro nacións existentes e non unha separación total do territorio, xa que para el, por exemplo, o galego, o catalán son linguas españolas ao igual que castelán, por iso recalca que non podemos identificar o castelán co "español". A miña recomendación é ler este libro. É por así decilo, a biblia do galeguismo e axuda a entender a nosa historia e os movementos nacionalistas de forma xeral. A min polo menos pareceume xunto con "O porco de pé" e "O lapis do carpinteiro" un dos mellores libros deste ano. **(Adrián)**

3. *Sempre en Galiza* é un libro de ensaio político escrito por Castelao, no que se xuntan artigos, ensaios, conferencias e mesmo discursos. Comecei a lectura pensando atoparme con outro libro de carácter novelesco e entusiasmeime descubrir que se trataba máis duna tese sobre Galicia e sobre certos puntos que, aínda hoxe en día, non están esclarecidas por completo... Por mor da súa obrigada marcha de Galicia redacta dende Badaxoz unha análise da situación galega da época facendo fincapé nos puntos que fan pensar na nosa terra como unha nación. Resalta as diferenzas entre os galegos e o resto de españois, e critica a situación que moitos deles se ven obrigados a soportar. Pareceume un libro se cadra un pouco complicado de ler se non se teñen ben claras as bases históricas do momento, e os meus coñecementos grazas á materia de Historia axudáronme moito na comprensión desta Primeira parte de *Sempre en Galiza*. Pode resultar non moi doado seguir a lectura sen perder o fío, e recoñezo que en varias ocasións tiven que recuperar a lectura volvendo atrás e relendo algúns parágrafos dúas veces, pero penso que este libro nos achega facilmente a situación galega do tempo e que nos axuda a comprender xa non a da época, senón a da propia actualidade. **(Xulia)**